

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

PRAZAS DE PERSOAS COLABORADORAS - BOLSEIRAS PARA AS RESIDENCIAS XUVENÍS DEPENDENTES DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL PARA O CURSO 2018/19

O número de prazas convocadas e a súa distribución por residencias é a seguinte:

Cidade	Residencia	Prazas
Lugo	Centro Residencial Xuvenil LUG	4 home/muller
Ourense	Florentino L. Cuevillas	5 home/muller
Vigo	Altamar	6 home/muller

A persoa colaboradora bolseira ten a obriga de incorporarse á residencia o día de inicio do curso académico, a participar en todas as tarefas e os labores relacionados coa dinamización do centro en actividades de información xuvenil, biblioteca, informática e deporte, entre outras. Dentro das actividades de información xuvenil, inclúese a de participar no programa Correspondentes xuvenís 3.0 da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado asumindo as obrigas e os dereitos derivados do referido programa.

DOTACIÓN: A concesión da bolsa comporta aloxamento e mantenza gratuítos na residencia xuvenil durante o seu período ordinario de funcionamento, de setembro a xullo. O recoñecemento da súa condición de colaborador/a bolseiro/a ante o resto das persoas residentes. Contar coa asistencia dun titor ou titora que coordine e dirixa a actividade que desenvolva como bolseiro/a na residencia

REQUISITOS:

- Posuír nacionalidade española ou ser nacional dun país membro da Unión Europea, ou ser estranxeiro/a residente en España no momento da solicitude de praza.
- Ter unha idade mínima de 18 anos e menos de 30 en 31 de decembro do ano en curso.
- Estar cursando estudos universitarios nunha facultade ou escola universitaria, estudos superiores en ensinanzas artísticas ou ciclo formativo de grao superior, que admitan polo seu contido e saídas profesionais a formación e a práctica a través de calquera das tarefas que se poden desenvolver nunha residencia xuvenil.
- Non ter perdido con anterioridade a condición de colaborador/a por causa imputable á persoa solicitante.
- Non padecer defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento normal da actividade no centro.
- Ter unha renda media familiar que non supere o 150 % do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) do ano en curso.

PRAZO DE PRESENTACION DE SOLICITUDES: ata o 07 de setembro de 2018

INFORMACIÓN:

Consellería de Política Social. Servizo de Xuventude e Voluntariado da Coruña
CC. Elviña - Avda. Salvador de Madariaga, 9-1º. 15008 A Coruña
Teléfono: 881 881 238

<http://politicasocial.xunta.gal>

PUBLICACIÓN: [DOG 07/08/2018](#)

Sede electrónica (sede.xunta.gal): [procedemento BS303C](#)